



## O reto de comunicar sendo emprendedor: ERROS, ACERTOS E ANÉCDOTAS

Sabemos que emprender é todo un desafío e algúns dos obstáculos aos que se enfronta unha persoa emprendedora é darse a coñecer e conseguir comunicar de forma efectiva para conectar cos seus clientes nun terreo de gran competencia e masificado de mensaxes doutras marcas.

Con motivo da clausura do Programa Alento, nesta xornada, con charlas próximas e experiencias reais, contaremos coa presenza de persoas empresarias, emprendedoras e profesionais do sector da comunicación que compartirán desde ideas enxeñosas de comunicación que conseguiron un impacto importante ata erros que cometeron nos seus inicios ou anécdotas que seguro que nos farán rir e aprender.

**Será un encontro relaxado, onde o máis importante é compartir e aprender entre tod@s. Non importa se acabas de empezar ou se levas anos no camiño do emprendemento, aquí seguro atoparás ferramentas e consellos útiles para mellorar a túa forma de comunicar.**



## AXENDA LUNS 28 / OUTUBRO

→ 11:45h\_ Recepción de asistentes

→ 12:00h\_ Benvida

→ 12:05h\_ Estratexias de comunicación que conquistaron

\_Nesta primeira mesa, os relatores compartirán ideas creativas e innovadoras que levaron a cabo para promocionar ou comunicar os seus proxectos conseguindo un importante impacto no seu público obxectivo.

→ 12:25h\_ En primeira persoa: erros de comunicación sendo principiante

\_Empresari@s compartirán algúns dos erros cometidos á hora de comunicar os seus proxectos nos inicios das súas andaduras empresarais.

→ 12:45h\_ CARRUSEL COMUNICATIVO 9x9: 9 TIPS efectivos de comunicación en 9 minutos

\_3 axencias de comunicación compartirán, durante 9 minutos, de maneira áxil e dinámica, 9 consellos que toda empresa debe ter en conta para comunicar con efectividade a súa marca.

→ 13:00h\_ EXPERENCIAS ALENTO: emprendedores de ti a ti

\_Nese apartado, coñeceremos de preto os participantes do Programa Alento así como o valor que aportan ao mercado.

→ 13:30h\_ Programa Alento: antes e despois


\_Resumo do Programa Alento "Impulso á Comunicación para Emprender" e conclusións finais.

- Pablo Fernández. *Secretario Xeral de Emprego e RRLL*
- Alberto Garnil. *Presidente Clúster da Comunicación de Galicia*

→ 13:40h\_ Networking e pincho galego.

INSCRÍBETE AQUÍ

/ Prestación de **servizos de márketing e comunicación** para emprender



Promove: